



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.C4-16. Consultas procedemento de contratación do SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación do SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU.

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na cláusula VI dos PCAP.

1.- Consulta núm. 01:

Formulada mediante escrito de data 23.02.2016 (RE núm.1201 de 23.02.2016)

Texto da consulta:

“Que el dicente desea optar al CONCURSO DE LICITACION DE BALIZADO DE PLAYAS PARA EL VERANO 2016, que habiendo observado que en el pliego técnico no se especifica y/o aclara con la debida precisión la distancia mínima entre boyas a tener en cuenta en la banda del litoral; esto es, si el concello considera que al igual que en los años anteriores el número de boyas resultó ser el suficiente (en años anteriores la distancia entre boyas fue de 50 m) o por si el contrario, este año ha de ser modificado a un número inferior contando con que la distancia entre las mismas podría llegar a los 199 m según la normativa vigente así como las playas a balizar ya que en el pliego no se incluye la playa de Agrelo que se a balizado los últimos 5 años y se incluye la de playa de Loureiro.

En igual sentido se solicita se aclare las dimensiones y el peso real y peso aparente de fondeo de hormigón para cada boya, así como las calidades, longitud y espesores de la cadena.

Por todo ello, y sobre la base del art. 35 g) de la Ley 30/1992, se SOLICITA que a la mayor brevedad se responda acerca de los aspectos arriba indicados, al resultar ellos necesarios de cara a la cumplimentación debida.”

Aclaración á consulta núm. 01.:

En primeiro lugar, indicar que a consulta non foi formulada co cumprimento das formalidades previstas nos PCAP (cláusula VI) na que, co fin de garantir a axilidade na contestación e a igualdade dos licitadores no procedemento de contratación, expresamente se dispón que:

*“ En materia de aclaración do contido do presente prego (PCAP) e o de prescricións técnicas (PPT) e, no seu caso, demais documentación complementaria, **todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convenientes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org ou a secretaria secretaria@concellodebueu.org**, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación.*

O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule.”

Sen prexuízo do disposto anteriormente, e en relación ás dúbidas formuladas se indica que:

A) No que respecta á **distancia mínima entre as boias**, tal e como se fai constar nos PCAP e no PPT **será a que determine a normativa vixente na materia. (cláusula I.1 dos PCAP)**

B) Na cláusula I.1 “Obxecto do contrato, ámbito de aplicación e necesidades a satisfacer” contida nos PCAP expresamente se sinalan as praias obxecto do contrato:

“As actuacións deste contrato radicaranse nas seguintes praias:

- Praia de Lapamán**
- Praia de Portomaior**
- Praia de Banda do Río**
- Praia de Area de Bon**
- Praia de Loureiro”**



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

C) En relación á aclaración solicitada respecto das características dos materiais haberá de estarse ao disposto na normativa vixente na materia, nos PCAP (cláusula I.1) e nos PPT.

Respecto aos PPT:

C.1) A cláusula 3.- “RELACIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DOS BALIZAMENTOS NA TOTALIDADE DE PRAIAS OBXECTO DO CONTRATO” expresamente dispón que:

“O material a instalar estará realizado con materiais homologados para o balizamento”

C.2) A cláusula 5.- “EXECUCIÓN: INSTALACIÓN, RETIRADA, LIMPEZA E ALMACENAMENTO” expresamente dispón no seu apartado 1º que:

“O adxudicatario deberá proceder á instalación do sistema de balizamento en tódalas praias mencionadas nos PCAP, de acordo coa lexislación vixente e coas condicións ofertadas no programa de traballo que deberá achegar na fase de execución do contrato(...)”

C.3) A cláusula 6.- “OBRIGAS DO ADXUDICATARIO” expresamente dispón que:

“O adxudicatario ven obrigado é *executar o contrato con estrita suxeición a este prego técnico, ao de cláusulas administrativas particulares, as condicións propostas na súa oferta, o programa de traballo efectuado por conta do contratista, as ordes que no seu caso reciba do órgano de contratación ou responsable do contrato en quen delegue, e á lexislación vixente.* “

Logo do anterior resulta que o material empregado pola empresa que resulte adxudicataria deberá garantir a correcta execución do contrato.

En Bueu, a 24 de febreiro de 2016

O Alcalde,
Félix Juncal Novas